

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

3.1.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS POLA TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA FEMP. EXPTE. 20/1102 (REXISTRO PLENO 1073/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 16 de marzo de 2015, o Alcalde, emite a seguinte proposta,

"A Xunta de Goberno da FEMP ten constituido o 24 de febrero de 2015 a "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana", configurada como unha iniciativa que marca a apostase pola transparencia e a participación cidadá. Dita rede ten por finalidade promover a innovación e a mellora permanente na relación entre os Gobiernos Locais e os cidadáns baixo os principios do Goberno Aberto e mediante o intercambio de experiencias e desenvolvemento de proxectos.

A súa creación insértase no novo marco normativo deseñado pola Lei 9/2013, do 10 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo goberno, implicando a todos os niveis territoriais de goberno e administración pública no deseño dunha cultura de traballo baseada no goberno aberto e a participación, recollendo específicamente as obrigas para as Entidades locais, que entrarán en vigor en decembro de 2015.

Conforme ao recollido no artigo 5 das Normas de Funcionamento da Rede, ten como obxectivos:

- "Promover las políticas de transparencia, participación y colaboración ciudadana efectivas en el conjunto de entidades locales españolas con el fin de dar visibilidad a la actividad pública y conseguir un marco de convivencia estable para favorecer el desarrollo económico y social de los territorios.
- Facilitar el ejercicio de los derechos de acceso a la información y de participación ciudadana en el ámbito local, buscando implicación y compromiso con la acción pública de toda la sociedad.
- Reforzar la confianza de los ciudadanos en los gobiernos locales, asumiendo compromisos de buen gobierno y realización de prácticas ejemplares en los ámbitos de rendición de cuentas, participación en la toma de decisiones y diseño y evaluación de servicios públicos."

O Concello de Vigo, en coherencia coa súa longa e acreditada traxectoria en materia de transparencia, ten unha posición destacada e salientable na Comisión de Modernización, Calidade e Participación Ciudadana, en particular, no seu Grupo técnico, dende o que se desenvolveron proxectos de alto impacto para o conxunto das entidades locais, resultando de interese para o Concello e a cidadanía a integración na Rede de Entidades locais pola transparencia e a participación cidadán, como ferramenta dende a que coordinar e promover as accións necesarias para garantir a axeitada implementación da normativa aplicable en materia de transparencia e goberno aberto.

Dende o punto de vista da organización municipal a recente publicación dos resultados do Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA) no que o Concello de Vigo acadou unha posición meritaria, avalan a idoneidade da liña de traballo instaurada e a continuidade desa xestión.

Polo exposto, de conformidade co réxime competencial desta Alcaldía, conforme o ordenamento xurídico vixente, e, en particular, no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño en formular a seguinte:
Proposta para Pleno."

Deseguido o Alcalde formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá na súa sesión ordinaria do 23 de marzo de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de Vigo de adherirse á "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da Federación Española de Municipios y Provincias, como Socio Titular, acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumplir os seus fins estatutarios.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP, e dar publicidade á mesma mediante a páxina web e sede electrónica municipal, así como na intranet para o coñecemento xeralizado da organización.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a un de abril do ano dous mil quince.

Ic

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.